



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Medidas de Atención á Diversidade para Persoas con Altas Capacidades

Materia	Medidas de Atención á Diversidade para Persoas con Altas Capacidades			
Código	O05M138V01202			
Titulación	Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	4.5	OP	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Díaz Pereira, María del Pino			
Profesorado	Díaz Pereira, María del Pino Domínguez Alonso, José Carlos González Fontão, María del Pilar			
Correo-e	pinod@uvigo.es			

#### Web

**Descrición xeral** En liña coa atención ás diferentes características e circunstancias persoais que configuran a heteroxeneidade no ámbito educativo, e a cobertura das específicas necesidades que poidan presentar os alumnos/as, un dos aspectos que reclama atención diferenciada é o alumnado altamente capacitado.

Os alumnos/as que nalgún aspecto do seu desenrolo presentan elevadas capacidades cognitivas, un talento superior, maiores posibilidades de aprendizaxe que os seus compañeiros, non poden, desde o punto de vista educativo e social, ser ignorados a risco de non favorecer o pleno desenrolo de seu potencial e futuro desenrolo profesional.

É innegable, ademais, o dereito que lles asiste a recibir unha educación acorde as súas circunstancias e adaptada as súas necesidades no marco dunha escola comprensiva e inclusiva. No marco lexislativo regúlanse distintos aspectos relacionados co diagnóstico, atención e resposta ás necesidades específicas de apoio educativo que presentan os estudantes altamente capacitados.

Neste sentido, é necesario prestar a máxima atención ao proceso de identificación e valoración das necesidades educativas dos alumnos máis capaces (sobre todo nun momento no que se detecta un crecente interese en distintos sectores da sociedade en que se recoñeza esta condición nun número cada vez maior de alumnos/as) e deseñar a resposta educativa máis axeitada en relación ós apoios e ós servizos que eventualmente poidan requirir ó longo do proceso de escolarización.

Outro ámbito específico a considerar en relación coas altas capacidades, ten que ver coa práctica deportiva de alto rendemento.

A maioría destes mozos/as deben compatibilizar as esixencias e obxectivos que esixe o entramento de alto nivel co seu desenrolo académico e profesional, requirindo dos profesionais educativos diferentes estratexias de apoio psicolóxico e educativo que serán revisadas nesta materia.

## Competencias

### Código

A1 Posuír e comprender coñecementos relacionados co ámbito da diversidade que aporten unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.

B2	Coñecer e analizar as situacións reais de diversidade que se poden ver reflectidas nos contextos educativos, tanto formais como non formais, empregando procesos sistemáticos de indagación.
B4	Favorecer a adquisición dos coñecementos e destrezas idóneas para o deseño, posta en práctica e avaliación de propostas de intervención no ámbito da diversidade, ofrecendo novas iniciativas na resolución dos problemas.
B5	Adquirir un compromiso ético no desenvolvemento da profesión, nomeadamente no referido ao apoio dos colectivos e sectores sociais discriminados e menos favorecidos.
C1	Comprender os principios básicos dos grandes ámbitos da diversidade dende unha perspectiva multidisciplinar, sendo capaz de describir e comparar as diferentes correntes teóricas dominantes en cada ámbito da diversidade dende unha perspectiva multidisciplinar
C2	Adquirir habilidades básicas de deseño, aplicación e avaliación de propostas de intervención dirixidas a traballar coa diversidade, valorando especialmente as aportacións innovadoras
C3	Ser capaz de analizar prácticas profesionais relacionadas co tratamento da diversidade, detectando puntos fortes e débiles, con especial énfase nas de carácter innovador
C4	Realizar estudos sistemáticos, sobre todo os que impliquen avances de prácticas educativas, sendo capaz de difundilos con claridade a diverso tipos de audiencias.
C5	Elaborar materiais específicos para traballar coa diversidade, valorando, na medida das posibilidades, a súa aplicación na práctica
C6	Coñecer a lexislación básica referida á diversidade nos contextos educativos e socio-educativos, analizando a súa implicación no exercicio profesional
C7	Identificar os servizos de apoio escolares e socio-comunitarios que poden ser de utilidade no ámbito da diversidade
C9	Comprender, analizar e valorar as dimensións éticas e políticas implícitas nos procesos educativos formais e non formais en contextos de diversidade
C13	Promover unha actitude positiva cara as ideas e as prácticas educativas innovadoras relacionadas coa diversidade
D2	Dominar diferentes estratexias metodolóxicas co propósito de mellorar as condutas profesionais e facilitar a aprendizaxe autónoma, a través do emprego de recursos como os contratos de aprendizaxe, a aprendizaxe baseada en problemas ou o uso de portafolios
D3	Adquirir condutas de respecto e de axuda. Ser sensibles a todo tipo de diversidade
D4	Adquirir as habilidades básicas para o debate e a exposición de ideas fundamentadas

### Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Adquirir os conceptos fundamentais referidos á superdotación nos seus diferentes aspectos, que sirvan de base para reflexionar sobre o tema e para planificar liñas de intervención coherentes	A1 B2 B4 B5 C1 C3 C9 D2 D3
Coñecer a lexislación básica relativa aos estudantes con altas capacidades e aos deportistas de elite, especialmente no relativo ao sistema educativo.	B4 B5 C6
Analizar e valorar diferentes programas e modalidades de intervención en alumnos con elevadas capacidades, para mellorar o seu axuste escolar	A1 B2 B4 B5 C3 C4 C5 C9 D2 D3 D4
Coñecer e analizar os distintos programas de apoio ao deportista existentes nas diversas institucións sociais e educativas e así ser capaz de asesorar a pais, entrenadores, directivos ou educadores de cara a preservar o adecuado desenvolvemento psico-educativo do/a xoven deportista	A1 B2 B4 B5 C2 C3 C5 C9 D2 D4

Ser capaz de comprender e valorar a práctica deportiva de alto rendemento como unha fonte de diversidade no ámbito social e no educativo	A1 B2 B4 C7 C9 C13 D2 D3 D4
Favorecer actitudes positivas de cara aos estudantes con altas capacidades e cara o seu adecuado axuste escolar	A1 B2 B4 B5 C5 C6 C7 C9 C13 D2 D3 D4

### Contidos

Tema	
1. O ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES	1.1. Aproximación conceptual 1.2. Lexislación 1.3. Características 1.4. Necesidades educativas
2. A IDENTIFICACIÓN DOS ESTUDIANTES ALTAMENTE CAPACITADOS	2.1. Instrumentos de identificación de alumnos con altas capacidades: intelixencia e motivación. 2.2. Motivación en alumnos con altas capacidades: descripción e mellora. 2.3. Creatividade e altas capacidades: concepto, avaliación, entrenamento.
3. A CREATIVIDADE COMO UN DOS PIARES DAS ALTAS CAPACIDADES	4.1. Comprender a educación creativa como unha estratexia para valorar, intervir e fomentar a diversidade 4.2. Que entendemos por creatividade? 4.3. Diferentes aproximacións teóricas no estudo da creatividade 4.4. Avaliación □ Identificación da creatividade. 4.5. Pautas para estimular-desenvolver as competencias creativas
4. RESPONSA EDUCATIVA AOS ALUMNOS CON ALTAS CAPACIDADES	3.1. Orientacións organizativas da resposta educativa 3.2. Modalidades de intervención 3.3. Diseño dun programa de enriquecemento

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	12	0	12
Traballo tutelado	1	30.5	31.5
Eventos científicos	4	0	4
Resolución de problemas	10	0	10
Cartafol/dossier	0	54	54

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto co alumnado da materia, a presentarlle coas finalidades seguintes: transmitir os obxectivos que se perseguen; detallar os contidos que se traballarán; explicar a metodoloxía que se utilizará; finalmente, enumerar e aclarar os criterios de avaliación.
Lección maxistral	Exposición por parte do/ profesor/a dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo/a estudante. Asistencia e participación do/a estudante.
Traballo tutelado	O/a estudante desenvolve exercicios na aula baixo as directrices e supervisión do/a profesor/a. Pode estar vinculado o seu desenvolvementos con actividades autónomas do/a estudante.
Eventos científicos	Participación en actividades (de módulo) relacionadas con algún tema tratado na materia

Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno/a debe desenvolver as solucións axeitadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase empregar como complemento da lección maxistral.
-------------------------	---

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Titorización en grupo ou individual
Probas	Descrición
Cartafol/dossier	Titorización a través de Faitic e do correo electrónico.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Traballo tutelado	Deseño dun programa de enriquecemento curricular para alumnado de altas capacidades	40	A1	B2 B4	C1 C3 C13	D4
Eventos científicos	Participación nunha actividade (de módulo) relacionada coa materia	10			C1 C3	
Cartafol/dossier	Documento elaborado polo estudante que recopila información sobre as experiencias, proxectos, tarefas e traballos realizados durante o proceso de formación.	50	A1	B2	C2 C4	D3

### Outros comentarios sobre a Avaliación

I). Para superar a materia, é necesario acadar o 50% da puntuación no Traballo Tutelado e o 50% no resto de actividades. As actividades non superadas na primeira convocatoria poderán ser recuperadas na segunda convocatoria, manténdose as puntuacións nas probas/actividades superadas.

II). Para poder optar ao sistema de avaliación continua, o alumnado deberá asistir (polo menos) a 4 das 6 sesións previstas para esta materia.

O alumnado que non supere a materia por avaliación continua terá que realizar unha avaliación final mediante unha/s proba/s, ao redor dos contidos nucleares da materia, coa data tope que marque o calendario do Mestrado para os exames oficiais.

Esta proba de avaliación suporá o 100% da puntuación, e os seus pormenores e características serán concretadas polo profesorado ao alumnado cando este realice a consulta, podendo ser un examen, a entrega de traballos previamente acordados e titorizados, etc.

III)

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

Alonso Bravo, J. A., **Manual internacional de superdotación (manual para profesores y padres)**, EOS., 2003

Artola González, T., **Niños con altas capacidades: quiénes son y cómo tratarlos.**, Entha DL, 2005

González Fontao, M.P., **Estudiantes con altas capacidades**, Andavira, 2010

Martínez Torres, M., **Alumnado con altas capacidades**, Graó, 2010

Regadera López, A., **Identificación y tratamiento de alumnos con altas capacidades: adaptaciones curriculares Primaria y ESO**, Brief, 2002

#### Bibliografía Complementaria

### Recomendacións

#### Outros comentarios

1. Asistir o primeiro día de clase resultarache moi beneficioso para comprender os obxectivos xerais da materia e a súa dinámica organizativa. Na primeira sesión, os profesores da materia darán unha visión de conxunto e anticiparán as tarefas e actividades que serán desenvolvidas.

2. Será especialmente importante acudir ás titorías dos/as profesores/as sempre que o necesites, así como a visita frecuente á plataforma docente da nosa Universidade [TEMA]. Nela poderás atopar todas as actividades que deberás realizar para a túa formación e a superación desta materia, avisos, cualificacións, etc.
  3. A túa condición de alumno/a da Universidade de Vigo ábreche as portas a moitos recursos, ofertas e servizos. No SIOPE atoparás toda a información sobre as posibilidades formativas, culturais e deportivas que podes encontrar na nosa Universidade.
  4. Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).
-